

MEMORIA 2014

ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA

Contacto: info@galicia.isf.es

Educación para o Desenvolvemento

FORMACIÓN

FORMACIÓN REGLADA (másters, postgrados....)

UNIVERSIDADE	ASIGNATURA, MASTER, POSTGRADO
Universidad de A Coruña	Cooperación para el Desarrollo en Ingeniería Civil
<p>Resumen: Asignatura optativa que levouse a cabo no segundo cuatrimestre na UDC. Actualmente, esta asignatura séguese impartindo na UDC aínda que o seu desenvolvemento xa non depende directamente do voluntariado de ESF, sen embargo, o grupo de Educación para o Desenvolvemento da sede de Coruña segue dando parte das clases, ademáis de participar na elaboración do programa da materia. No 2014, esta asignatura contou con 45 beneficiarias directas, o cal supón case a metade do total de persoas beneficiarias que se persigue anualmente nos cursos e xornadas de Educación para o Desenvolvemento e Tecnoloxías para o Desenvolvemento Humano.</p>	

FORMACIÓN NO FORMAL (cursos online, seminarios, conferencias...)

ACTIVIDADE	BREVE DESCRIPCIÓN
IX Edición do Curso de Introducción a la Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano	Curso de introdución e desenvolvemento de temáticas vinculadas á tecnoloxía para o desenvolvemento humano impartido na Universidade de Santiago de Compostela, campus de Lugo.
IV Xornadas de Soberanía Alimentaria	Curso de introdución para o alumnado do Campus de Lugo, que persegue mostrar ó alumnado unha visión global das causas e consecuencias do neoliberalismo nun mercado global en relación á soberanía alimentaria. O curso foi financiado cunha subvención da Xunta de Galicia para Cooperación ao Desenvolvemento. O número de asistentes este ano foi de 8 persoas. Aínda que non se chegou a facer crónica destas xornadas, si se dispón do anuncio no blogue: http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/11/xornadas-de-soberania-alimentaria.html
I Xornadas É neutral a tecnoloxía? As múltiples cara do feito tecnolóxico	Nas xornadas debateuse sobre a función que ten a tecnoloxía na sociedade actual e se esta é un medio para promover un

Memoria de actividades – ESFGalicia -2014

	<p>mundo máis equitativo, xusto e solidario. Impartido na Facultade de Filosofía da USC, as xornadas foron financiadas por Cooperación Galega, da Xunta de Galicia. Pódese ler una crónica das xornadas en http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/12/xornadas-e-neutral-tecnoloxia.html.</p>
Introducción de la EpD en la práctica docente universitaria: Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo	<p>Xornadas impartidas nas tres universidades galegas que participan na Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.</p> <p>A primeira sesión, que contou co apoio do CUFIE e a OCV, tivo lugar na Coruña no mes de outubro. Pódese ler a crónica aquí: http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/10/experiencias-de-epd-na-universidade-da.html.</p> <p>A segunda sesión tivo lugar en Santiago de Compostela, tamén en outubro (http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/11/formacion-sobre-educacion-para-o.html), e a terceira sesión realizouse na Universidade de Vigo, en decembro (http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/12/introduccion-de-la-epd-en-la-practica.html).</p> <p>Entre outras cousas nela explicouse a evolución da EpD e as conclusións obtidas nas entrevistas que fixéronse ao profesorado universitario. Ademais expuxéronse catorce iniciativas relacionadas ca EpD na universidade existentes en Galicia.</p>

PROGRAMA DE CONOCIMIENTO DE LA REALIDAD

Nº de persoas que participaron: 5. Gracias ao traballo da comisión, dos grupos de traballo e doutras persoas da asociación, en 2014 participaron 4 persoas no Programa de Coñecemento da Realidade:

Grupo Agua: Sara González Rodríguez, Eva María Solana Navarro
Grupo Agro: Raquel Zolle Fernández, Almudena Rodríguez Vila
Grupo Redes: Saúl Rilo Álvarez

Países en los que han participado: Honduras (grupo Auga e grupo Agro), España (grupo Redes)

Resumen:

Trátase dun programa de Educación para o Desenvolvemento, se ben é un programa transversal e de gran importancia estratéxica en ESF. En 2014 participaron 5 persoas no programa de coñecemento da realidade. Trala acollida

na asociación (xa que algunha delas non pertencía a ESF antes de ser seleccionada para o programa), lévase a cabo unha formación, para posteriormente realizar a estancia de 2-3 meses de duración en Honduras, e de una semana en España, co fin de facilitar unha experiencia de sensibilización e cun compromiso de fortalecemento da asociación e difusión da súa experiencia á volta.

CAMPAÑAS DE INCIDENCIA Y SENSIBILIZACIÓN

NOME DA CAMPAÑA: I Certame de Microrrelatos sobre Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano.

En paralelo coas xornadas: É neutral a tecnoloxía, ESF convocou o primeiro certamen de microrrelatos sobre TpdH, dun máximo de 150 palabras e con a intención de que as persoas compartisen as súas reflexións en torno ao papel que ten o debería ter a tecnoloxía na nosa sociedade.

NOME DA CAMPAÑA: Obradoiros de tecnoloxía apropiada.

Ciclo de obradoiros prácticos en tecnoloxías apropiadas que organizou ESF en Santiago de Compostela.

Actividades enmarcada dentro de un programa máis amplo das tecnoloxías axeitadas co fin de difundir a idea do desenvolvemento sostible e fomentar o pensamento crítico sobre as tecnoloxías presentes na nosa realidade, cofinanciada pola Xunta de Galicia.

Os módulos foron os seguintes:

“Biciobradoiro”. Obradoiro de bicicleta urbana que celebrouse no Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC), coa colaboración da Sociedade Cívica Composcleta. Neste cuarto obradoiro que tivo lugar o 12 de febreiro realizouse unha revisión dos modelos de mobilidade urbán e a proposta da bicicleta como medio de transporte sostible. Ademais deste interesante debate, os compañeiros de Composcleta mostraron un caso práctico centrado na rúa de San

Pedro. A crónica deste obradoiro está disponible aquí:

<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/02/post-biciobradoiro.html>

“Políticas enerxéticas actuais, solucións enerxéticas racionais”.

Realizouse na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela. Consistiu en dous partes, unha primeira mais teórica onde se falou brevemente sobre as enerxías renovables e as distintas tipoloxías básicas. Na segunda parte analizaranse facturas que aportaron os asistentes, explicando as mesmas, e como reducir consumos. O relatorio estivo a cargo de Samuel Prieto, enxeñeiro de Montes e Master en Enerxías Renovables e sostenibilidade enerxéticas da USC. A crónica pódese consultar aquí: <http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/02/v-obradoiro-politicas-enerxeticas.html>

"Elaboración de produtos de limpeza caseiros e ecolóxicos" . Celebrouse en novembro, no CIAC. Almudena Ares, técnico superior de Xestión de Recursos Naturais, compartiu receitas sinxelas, baratas e ecolóxicas para elaborar facilmente os produtos de limpeza caseiros e así manter o noso fogar saudable e libre de tóxicos. Xunto con outros obradoiros, esta experiencia está relatada tamén no blogue: <http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/12/cronica-obradoiros-tecnoloxia-en.html>

NOME DA CAMPAÑA: Charlas-debate de electrónica ética

ESF organizou en Vigo varias charlas-debate na que fixo un breve repaso dos principais problemas que xurden ao longo do ciclo de vida dos aparatos electrónicos. Estes atenden a aspectos como a extracción dos minerais, as condicións laborais na ensamblaxe dos dispositivos, a vida útil dos aparellos e finalmente a maneira de desbotalos, tirándoos como lixo ou reciclando os compoñentes aínda útiles. Celebráronse dúas charlas; unha na biblioteca de Chapela o 27 de febreiro (<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/02/charla-de-electronica-etica.html>), a que asistiron 15 persoas; e outra no centro cultural Casa Colorida (o 8 de marzo), en Nigrán (<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/03/charla-de-electronica-etica-na-casa.html>), a que asistiron 12 persoas.

As charlas estaban compostas por unha primeira parte expositiva e unha segunda parte consistente nun xogo de roles para ilustrar a problemática tratada. Finalmente, pasábase a un espazo de intercambio de ideas e dúbidas, que en ambos casos resultou moi rico e interesante.

Ademais de ser relatadas no blogue da vida asociativa, no caso da charla de Chapela, un voluntario foi entrevistado en Radio Redondela (no programa "A Estación") para relatar a experiencia (<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/02/entrevista-andres-suarez-radio-redondela.html>).

NOME DA CAMPAÑA: Obradoiros de Instalación de GNU/Linux en Vigo, Compostela e A Coruña

Santiago. “Segunda vida para teu ordenador”.

Memoria de actividades – ESFGalicia -2014

Fixouse en decembro, na Facultade de Dereito. A Oficina de Software Libre do CIXUG axudou a instalar outros sistemas operativos que permitan seguir empregando ordenadores que xa non soportan os actuais.

A Coruña. "Obradoiro de Instalación de GNU/Linux. Libérate".

Realizaouse na Domus, en decembro, co apoio de Bricolabs e do Grupo de Programadores e Usuarios de Linux.

Vigo. Obradoiro de Instalación Software Libre .

Celebrouse en novembro, no Café De Catro a Catro. O voluntariado da sede, impartiu un obradoiro sobre Software Libre, no que os asistentes interesados aprenderon a instalar un sistema operativo de Linux nun ordenador e recibiron unhas nocións básicas sobre o concepto de Software libre e as súas vantaxes. As persoas asistentes, que foron 3, fixeron un bó aproveitamento da formación.

Pódese consultar a entrada do blogue aquí relatando o conxunto dos tres obradoiros aquí: <http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/11/obradoiro-segunda-vida-para-o-teu.html>

NOME DA CAMPAÑA: día mundial da loita labrega

Celebrouse en abril, na sede de ESF en Lugo, a través de relatorios e difundindo a importancia das reivindicacións desa data, quíxose achegar ó alumnado da Universidade (USC -Campus de Lugo) e a sociedade en xeral esta realidade e problemática que nos involucra a todos e todas.

NOME DA CAMPAÑA: Xornadas de Pesca Sustentable Galicia-Centroamérica: "Mar de todas, mar de ningún"

Este evento, organizado por Enxeñería Sen Fronteiras e Amigos da Terra, cofinanciado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia e co apoio do CEIDA, tivo como obxectivo o intercambio de experiencias e a toma de contacto entre diferentes actores de Galicia e do Golfo de Fonseca caracterizados por apostar e promover unha xestión e explotación sostible dos recursos pesqueiros e o respecto polos ecosistemas mariños, buscando nexos comúns no traballo que levan a cabo en ambas as dúas zonas e tratando de poñer de relevo a globalidade da problemática á que se enfrontan.

NOME DA CAMPAÑA: Coñecemento das realidades, visión dos PCRs 2014

Organizouse unha serie de encontros nos que os PCRs contaron a súa visión do seu paso por o Programa de Coñecemento da Realidade, en diferentes cidades. En abril foi en Ourense, un encontro sobre as experiencias de PCR na RASD e no Salvador, ademais da presentación do grupo de Ourense de Enxeñería Sen Fronteiras.

NOME DA CAMPAÑA: Formación sobre Viaxes de aprendizaxe multicultural

Na ETSE da USC levouse a cabo a formación para as participantes no Programa de Coñecemento da Realidade en Honduras de 2014. A formación estivo aberta a calquera persoa interesada.

Falouse de: Coñecendo Honduras Contexto socioeconómico, historia, socios locais, presenza de ESF no país; Consellos e recomendacións sobre seguridade e riscos de saúde tanto na preparación da viaxe como no terreo; por que debemos comunicar, onde e como? Recomendacións sobre o emprego de imaxes e o código de conduta das ONGD, fotografía, uso do blogue, consellos para xestionar o correo electrónico, uso e aplicacións de Software libre; como abordar o "choque cultural" de un modo sinxelo e práctico; e, Que é a antropoloxía aplicada.

Pódese consultar a crónica aquí:

<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/08/formacion-para-as-participantes-pcr-2014.html>

NOME DA CAMPAÑA: Que é ESF? Para nenos e nenas de 3 anos.

O CEIP Campomaior de Ordes invitou a ESF para explicar a nenos e nenas de 3 anos a qué se dedican os que están en ESF a un público tan novo sen caer no simplismo de "axudar aos pobres" sen mais. O reto foi superado con axuda de dos xogos sinxelos , que permitiron traballar a empatía e colaboración .

NOME DA CAMPAÑA: ESF no día do voluntariado no colexio Divino Maestro, Santiago de Compostela.

Coincidindo co día internacional do voluntariado, e dende fai uns anos o colexio Divino Maestro de Santiago de Compostela realiza unhas xornadas onde invita a distintas organizacións de acción voluntaria.

Este ano, Sindo Alonso, o orientador do colexio, invitou a ESF a falar a 2º e 3º da ESO sobre a experiencia das persoas voluntarias da asociación.

Falouse do concepto de voluntariado de cooperación internacional, facendo fincapé na necesidade de ser cidadáns globais xa que a pobreza é un problema global onde todos e todas temos responsabilidade; tamén da experiencia nun grupo de sensibilización que traballa no tema da auga como DDHH e por último do concepto de software libre e coñecemento aberto. E dentro das accións que eles poden facer faloulles sobre ciberactivismo.

Pódedes consultar a entrada no blogue aquí:

<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/12/esf-no-dia-do-voluntariado-no-colexio.html>

NOME DA CAMPAÑA: Obradoiro sobre Proxectos Fin de Carreira en enxeñería civil e cooperación ao desenvolvemento.

Tivo lugar en de decembro, na Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña.
Falouse das posibles alternativas de proxectos encadradas nas actividades que, no eido do abastecemento de auga e saneamento, realiza Enxeñería Sen Fronteiras Galicia en Honduras. Tamén intentáronse solucionar dúbidas sobre xeitos de obter a información, titorización por parte de Enxeñería Sen Fronteiras e prazos.

NOME DA CAMPAÑA: Obradoiro Novas Masculinidades

Obradoiro de 8 horas celebrado o 8 de marzo na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña.

O obradoiro pretendía romper coa construción social, estreitamente ligada co machismo, que relaciona ao home coa virilidade, a forza, a valentía, non mostrar afectividade... etc., e a presión social que forza aos homes a responder con comportamentos asociados a novas masculinidades asociadas á eliminación da fenda creada polos roles estereotipados de homes e mulleres.

O obradoiro tivo o seguinte programa:

1. O sistema sexo/xénero

Qué é o sexo? Qué é o xénero? Cales son os espazos de socialización da desigualdade? Curriculum oculto e explícito.

2. Historia dos feminismos

Precursoras, sufragistas e filósofas. Feminismo da igualdade. Feminismo da diferenza. Novas tendencias do feminismo actual: ecofeminismo, ciberfeminismo e feminismo queer.

3. Igualdade de xénero dende a óptica da masculinidade

Implicacións dos condicioneantes de xénero nas conductas dos varóns: prover, procrear e protexer. As esferas de socialización nos varóns: productiva, reproductiva e comunitaria. Breve historia dos homes ante as desigualdades patriarcais.

4. Qué é ser home no século XXI?

A construír no obradoiro.

O obradoiro foi encamiñado tanto á formación da propia base social de ESF como de todas aquelas persoas interesadas na temática do xénero e do feminismo.

Nome da Campaña: Nórdica de Abril

Cada ano, con motivo da assemblea de persoas socias de ESF, aprovéitase para facer un encontro da base social que adoita durar unha fin de semana e que se coñece como Xuntanza. Este ano, convidouse á primeira Xuntanza a compañeiras de Ingeniería Sin Fronteras Asturias, convertíndoa así no que popularmente se coñece como Nórdica.

Esta Nórdica celebrouse preto da localidade coruñesa de Carballo, e foi organizada pola sede da Coruña. Incluíu actividades formativas como unha dinámica xurdida do recente obradoiro de Novas Masculinidades (relatado mais arriba), unha formación en electrónica ética, un relato do proxecto do grupo de EpD de transversalizar a educación para o desenvolvemento na universidade, e finalmente un relato da persoa que participou no PCR Redes.

A crónica desta Nórdica encóntrase disponible aquí:

<http://esfgalicia.blogspot.de/search/label/n%C3%B3rdica>

Nome da Campaña: Xuntanza de Novembro

Como se fai dúas veces ao ano, con motivo da assemblea de socios prepárase un encontro da base social que sirva para o fortalecemento dos lazos entre o voluntariado, no que se aproveita para organizar espazos informais para a vertebración, así como obradoiros e actividades diversas. A Xuntanza de novembro foi organizada pola sede de Vigo, e tivo lugar en Tomiño os días 7, 8 e 9.

O programa incluía un obradoiro sobre micoloxía e unha formación para falar en público entre outras actividades, como recolle o anuncio no blogue:

<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/10/xuntanza-de-novembro.html>

Esta actividade é financiada parcialmente pola conta dos propios asistentes e parcialmente en base á subvención concedida pola Xunta de Galicia para o fortalecemento da asociación.

NOME DA CAMPAÑA: Cós mica 2014.

Galicia foi a encargada de organizar o reencontro anual das persoas socias, voluntarias e simpatizantes de Ingeniería Sin Fronteras. Nesta ocasión celebrouse en Allariz (Ourense), entre os días 5 e 8 de decembro. As 14 asociacións de Ingeniería Sin Fronteiras estiveron representadas por 85 persoas que durante 4 días traballaron outras alternativas que dean a posibilidade de desenvolver procesos de aprendizaxe non convencionais e, en ocasións, máis efectivos. Tendo en conta que todas as ISF traballan no eido da Educación para o Desenvolvemento, moi vinculadas ao espazo universitario e maioritariamente entorno á educación formal, isto cobra maior relevancia.

Ademais dunha crónica xeral da Cós mica

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/12/una-reunion-cosmica.html>), as diversas actividades realizadas no encontro tamén foron relatadas no blogue. O primeiro

Memoria de actividades – ESFGalicia -2014

día, a modo de presentación da vila e das propias persoas voluntarias, fíxose unha actividade de recoñecemento do lugar ou de "deriva"

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-comienza-la-cosmica.html>).

Xa no día seguinte, a primeira xornada comezou coa actividade "pedra, zapato, tiza", dinamizada por Tempo de Loira, realizáronse diversas actividades creativas baseadas no teatro e na música (<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-piedra-zapato-y-tiza-o.html>).

A continuación, fixéronse obradoiros de temática mais directamente educativa: aprendizaxe en comunidade, impartido polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Germán Vargas

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-aprender-en-comunidad.html>), e outro sobre aprendizaxe cooperativa

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-aprender-cooperando.html>).

Outros obradoiros como o "teatro da oprimida", dinamizado polo grupo CenTolas (<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-taller-de-teatro-oprimida.html>), a formación en autoxestión impartida por unha compañeira de ISF Madrid

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-taller-de-autogestion-para.html>), outro sobre o servizo como forma de aprendizaxe

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-aprendizaje-y-servicio.html>), sobre educación popular (<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-educacion-popular.html>).

Outros 3 posts no blogue completan o relato dunha das actividades mais intensas realizadas por ESF Galicia neste ano 2014: un sobre actividades mais directamente relacionadas con ESF e a federación Ingeniería Sin Fronteras

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-talleres-mas-internos-del.html>), outro mais centrado nos espazos de socialización e vertebración da base social

(<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/01/cosmica-2014-vertebrando.html>) e finalmente, outro centrado na avaliación que a propia xente

que asistiu fixo do evento (<http://esfgalicia.blogspot.com.es/2015/02/que-opinaron-de-la-cosmica-llego-la.html>).

PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

PROXECTO: “Fortalecemento das capacidades locais e da participación comunitaria para mellorar o acceso ao dereito a auga potable e saneamento a través da xestión integrada do recurso hídrico, nos 7 municipios da mancomunidade NASMAR, Honduras, Fase I”

FINANCIADOR: Xunta de Galicia

PROXECTO: “Promoción do dereito a alimentación, soberanía alimentaria e gobernanza local, a través do fortalecemento das capacidades de campesiños e campesiñas nos Municipios de San Lorenzo e Nacaome, Departamento de Valle, Honduras”

FINANCIADOR: Xunta de Galicia

Memoria de actividades – ESFGalicia -2014

PROXECTO Redución da vulnerabilidade alimentaria de 32 familias campeciñas mediante a implementación de sistemas de rego por goteo e a cría e manexo de aves de patio na microcunca Río Laure, San Lorenzo, Valle, Honduras.

FINANCIADOR: Concello de Lugo

PROXECTO: “Fortalecemento das capacidades locais e da participación comunitaria para mellorar o acceso ao dereito a auga potable e saneamento a través da xestión integrada do recurso hídrico, nos 7 municipios da mancomunidade NASMAR (Honduras)”

FINANCIADOR: Fondo Galego de Cooperación

PROXECTO Estudo multitemporal da superficie ocupada para a cría de camarón no golfo de Fonseca

FINANCIADOR: Cooperación galega da Xunta de Galicia

Pode atoparse mais información sobre este proxecto en

<http://esfhonduras.blogspot.com.es/2015/11/publicacion-estudio-del-avance-de.html>

TRABAJO EN RED Y RELACIONES INSTITUCIONALES

- **Federación Española de Ingeniería sin Fronteras.**
- **Coordinadora Gallega de ONGD.**
- **FIARE**

Nas distintas sedes de ESF Galicia (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago e Vigo) pretendemos formar parte das redes locais con outras ONG e movementos sociais, tratando de "pensar globalmente e actuar localmente". Algunhas destas redes son o Foro Social Galicia Sur, o Concello de Asociacións de Lugo ou a Rede Social Ferrol Terra.

Agradecimientos

Ante todo, á nosa base social, 58 persoas voluntarias e 209 socias que son auténticos axentes transformadores da sociedade, e aos nosos compañeiros do resto das asociacións de ISF que conformamos a Federación Española de Ingeniería Sin Fronteras.

Institucións públicas

Alcaldía de Marcovia (Honduras)
Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID)
Concello da Coruña
Concello de Lugo
Deputación de A Coruña
Fondo Galego de Cooperación
Mancomunidad de NASMAR (Honduras)
Unión Europea
Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia. Subdirección Xeral de Cooperación
Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Centros docentes, universidades e departamentos universitarios

Escola Politécnica Superior de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela
Escola Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña
Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Universidade de Santiago de Compostela
Laboratorio de Enxeñería Cartográfica da Universidade da Coruña (Cartolab)
Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela (LaboraTe)
Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade de A Coruña
Servizo de Participación e Integración Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de A Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

Outras organizacións

A Cova da Terra
Amigos da Terra
Arquitectos Sen Fronteiras-Demarcación Galicia
Asociación FIARE Galiza
Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)
Coordinadora Galega de ONGD
Cuculmecca, Nicaragua
Fundación para la Investigación y el Desarrollo Rural (FIDER)
Grupo de Programadores e Usuarios de Linux
Panxea
Veterinarios Sin Fronteras

DATOS BÁSICOS DE ESF GALICIA

DIRECCIÓN: Asociación de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

Memoria de actividades – ESFGalicia -2014

Domicilio: LG Campus Elviña, E.T.S. de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, 15.071 - A Coruña.
TELÉFONO: 981 167 000 Ext.: 1479
CORREO-E DE CONTACTO: info@galicia.isf.es